

**Datos Do Expediente:**

|                                                                                                                       |                                                                                              |  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| BONOBUS UNIVERSITARIO CORUÑA (S-SOC-03)                                                                               |                                                                                              |  |
| Unidade Tramitadora:                                                                                                  |                                                                                              |  |
| Ensino e Bibliotecas – MCCF                                                                                           |                                                                                              |  |
| Número expediente:                                                                                                    | Documento:                                                                                   |  |
|  ENS/2025/244                        |  ENS19S00BJ |  |
| <div>6B4U 395Z 642I 0K3T 1CIJ</div>  |                                                                                              |  |

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS AO ESTUDANTADO UNIVERSITARIO DE NARÓN PARA O DESPRAZAMENTO DIARIO ÁS FACULTADES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, NO CAMPUS DA CORUÑA. BONO BUS UNIVERSITARIO CURSO ACADÉMICO 2025-2026.****1.- Obxecto**

As axudas para bono-bus universitario teñen como finalidade subvencionar o desprazamento diario, ida e volta no mesmo día, do estudantado veciño do Concello de Narón, matriculado nas diferentes Escolas ou Facultades da Universidade da Coruña, no Campus da Coruña.

Quedan excluídos expresamente os desprazamentos que se realicen os sábados, domingos e días non lectivos.

**2.- Incompatibilidades dos/das beneficiarios/as do bono bus universitario con outras becas ou axudas**

Os beneficios do bono-bus universitario serán incompatibles con outras becas ou axudas de calquera Administración Pública ou Privada que se concedan para o mesmo obxecto, é dicir, o transporte para a asistencia cotiá ás clases da Universidade da Coruña.

Serán tamén incompatibles con aquelas outras axudas ao transporte de calquera Administración Pública ou Privada, que non sendo directamente para este fin, cubran o traxecto ata A Coruña.

**3.- Procedemento de concesión**

A concesión destas axudas efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, con suxeición ao procedemento establecido na Ordenanza de Subvencións do Concello de Narón, e no que non estea contemplado nela, polo contido da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, regulamento que a desenvolve, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Estas axudas están integradas no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Narón en vigor, establecéndose nestas bases os criterios de obxectividade e igualdade para conseguir, a través da asignación de recursos públicos, facilitar o desprazamento da veciñanza do Concello de Narón, matriculada nas diferentes Escolas ou Facultades da Universidade da Coruña, no Campus da Coruña.

**4.- Orzamento económico**

Para a concesión destas axudas se destinará un importe máximo de 13.200,00€ que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 3260.47200, do seguinte xeito:

- Período setembro de 2025 a decembro de 2025: 4.800,00 €
- Período xaneiro de 2026 a xuño de 2026: 8.400,00 €

**5.- Beneficiarios/as**

Os/as beneficiarios/as desta bonificación serán os/as estudantes veciños/as de Narón, que figuren matriculados/as na Universidade da Coruña, no campus da Coruña, sempre que así o soliciten, figuren empadroados en Narón, non superen os umbrais de renda que establece anualmente o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, previa publicación no BOE, e cumpran as condicións da convocatoria.

De acordo co establecido no artigo 14.1.k da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os/as beneficiarios/as estarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Administración no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

**6.- Lugar, prazo e documentación para a presentación de solicitudes**

As solicitudes poderanse presentar xunto coa documentación correspondente:

- Na sede electrónica.
- No Rexistro Xeral do Concello de Narón, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello.
- Por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no B.O.P.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declarará o arquivo sen máis trámite, que será notificada ao/á interesado/a.

A solicitude, segundo modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable dos seguintes extremos:

- a. Que non concorren as circunstancias que se contemplan no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para obter a consideración de beneficiario/a.
- b. Que se atopa ao corrente coas súas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.
- c. Que non é debedor/a de obrigas por reintegro de subvencións.
- d. Que non solicitou/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra administración pública, entidade privada ou de particulares, para a mesma finalidade.
- e.

Así mesmo coa solicitude deberán acompañar a seguinte documentación:

1. DNI ou NIF do/da solicitante e maiores de 16 anos da unidade de convivencia.
2. Declaración da renda de todos os membros da unidade de convivencia, maiores de 16 anos ou, no caso de non estar obrigados a facela:
  - a. Certificado de imputación de rendas da Axencia Tributaria de todos os membros da unidade de convivencia.
  - b. No caso de pensionistas: certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que recibe.
  - c. No caso de desempregados: certificación do SPE acreditativa de estar en situación de desemprego, e percepción de prestación, de ser o caso.
  - d. No caso de estar traballando: contrato de traballo e as dúas últimas nóminas das persoas maiores de 16 anos que realicen actividades laborais.
  - e. No caso de inactivos: documento do SPE acreditativo de non estar inscrito como demandante de emprego das persoas maiores de 16 aos.

3. Resgardo de matrícula do curso correspondente á convocatoria do bono-bus universitario, ou certificado da universidade acreditativo de tales extremos.

4. Modelo T-TES-01 de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou foran modificados, ou documento municipal que o substitúa.

5. Outros específicos requiridos polo Concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.

O órgano instructor comprobará de oficio o empadramento ou a residencia do/a solicitante con os membros da unidade de convivencia. Naqueles expedientes que sexa necesario, unirase o documento acreditativo do empadramento ou de residencia.

## **7.- Criterios de concesión**

O criterio de valoración será que a unidade de convivencia da persoa solicitante non supere os umbrais de renda que se indican a continuación (artigo 8.1 do R.D. 163/2025, de 04 de marzo, polo que se establecen os umbrais de renda e patrimonio familiar e as contías das becas e axudas ao estudo para o curso 2025-2026):

| Nº de membros da unidade de convivencia | Umbral de renda |
|-----------------------------------------|-----------------|
| Familias de 1 membro                    | 13.898,00 €     |
| Familias de 2 membros                   | 23.724,00 €     |
| Familias de 3 membros                   | 32.201,00 €     |
| Familias de 4 membros                   | 38.242,00 €     |
| Familias de 5 membros                   | 42.743,00 €     |
| Familias de 6 membros                   | 46.142,00 €     |
| Familias de 7 membros                   | 49.503,00 €     |
| Familias de 8 membros                   | 52.850,00 €     |

A partir do oitavo membro, engadiranse 3.340,00 € por cada novo membro computable da unidade de convivencia.

## **8.- Definición de unidade de convivencia aos efectos de bono bus. Membros computables**

1.-Para o cálculo da renda familiar a efectos desta convocatoria, serán membros computables da unidade de convivencia o pai e a nai, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/da menor, no seu caso; o/a solicitante, os/as irmáns/irmás solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2023 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade, así como os/as ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

2.-No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co/ca solicitante de beca. Non obstante, no seu caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe, parella, rexistrada ou non, ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares. Así mesmo terá a consideración de membro computable a persoa con ingresos propios que, á referida data, conviva no domicilio co/ca solicitante cando non medie relación de parentesco e non se poda xustificar un aluguer de piso compartido.

Cando o réxime de custodia dos/das fillos/as sexa o de custodia compartida consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante, os/as fillos/as comúns e os/as ascendentes do pai ou da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

3.- No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, se considerarán membros computables e sustentadores principais o/a solicitante e o seu/súa cónxuxe, parella rexistrada ou non, que estea unida por análoga relación. Tamén serán membros computables os/as fillos/as se os houbera, e que convivan no mesmo domicilio.

No caso contrario, e sempre que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados en concepto de vivenda e outros gastos considerados indispensables, entenderase non probada a independencia polo que para o cálculo da renda e patrimonio familiar a efectos de axuda ao transporte computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da unidade de convivencia á que se refiren os apartados 1 e 2 deste artigo.

Tratándose de estudantado independente ou que forme parte de unidades familiares independentes, entenderase por domicilio familiar aquel no que o/a alumno/a habite durante o curso, por coincidir nestes casos a residencia do/da estudante durante o curso co seu domicilio familiar.

## **9.- Procedemento para calcular a renda familiar. Determinación da renda computable**

Cálculo da renda familiar: (art. 9 do R.D. 163/2025, de 04 de marzo, polo que se establecen os umbrais de renda e patrimonio familiar e das contías das becas e axudas ao estudo para o curso 2025-2026).

Aos efectos desta convocatoria a renda familiar calcularase como segue:

1.-A renda familiar a efectos de beca ou axuda obterase pola agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas aplicable. A efectos das becas e axudas ao estudo do curso 2025-2026, computarase o exercicio 2024.

2.-Para a determinación da renda dos membros computables que presentaran declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, procederase do seguinte xeito:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2020 a 2023 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario de 2020 ao 2023 a integrar na base imponible do aforro.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3.-Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentaran declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, seguirase o procedemento descrito no apartado 2.a) e do resultado obtido restaranse os pagos a conta efectuados.

Deducións da renda familiar: (art. 10 do R.D. 163/2025, de 04 de marzo).

No curso 2025-2026 aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

a) O 50% dos ingresos aportados por calquera membro computable da familia distinto aos sustentadores principais.

b) 525,00€ por cada irmán/irmá que sexa membro computable e conviva no domicilio familiar, incluído/a o/a solicitante, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral, e 800,00€ para familias numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a este beneficio. Cando sexa o/a propio/a solicitante o/a titular da familia numerosa, as cantidades indicadas serán computadas en relación cos/cas fillos/fillas que a compoñan. Esta dedución será de ata 2.000,00€ na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

c) 1.811,00€ por cada irmán/irmá ou fillo/filla do/da solicitante ou o/a propio/a solicitante que presente discapacidade, legalmente recoñecida, de grao igual ou superior ao 33%; ou 2.881,00€ cando a discapacidade sexa de grao igual ou superior ao 65%. Esta dedución será de 4.000,00€ polo/a solicitante e outro tanto por cada un/unha dos/das seus/súas irmáns/irmás con discapacidade legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 33% na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

d) 1.176,00€ por cada irmán/irmá do/da solicitante menor de 25 anos ou o/a propio/a solicitante que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

e) O 20% da renda familiar cando o/a solicitante sexa orfo/a absoluto/a e menor de 25 anos.

f) 500,00€ por pertencer o/a solicitante a unha familia monoparental nos termos que se establezan na correspondente convocatoria.

## **10.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento**

Corresponderá ao Servizo Sociocomunitario Municipal a instrución dos expedientes, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (art. 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do art. 21 da Lei 39/2015, e notificada ó/á interesado/a.

A cada expediente incorporárase un informe de avaliación provisional emitido polo/pola Técnico/a correspondente.

Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos/das técnicos/as que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

A Comisión de Valoración emitirá acta expresando:

- Relación de solicitantes para os/as que se propón a concesión, con indicación da porcentaxe de bonificación, renda familiar, umbral de renda segundo convocatoria, importe por debaixo do umbral, importe máximo da axuda para cada período escolar do exercicio económico correspondente, e o importe máximo total da axuda.
- Relación de solicitantes para os/as que se propón a denegación, con indicación das causas de denegación.
- De ser o caso, relación de solicitantes que reunindo os requisitos para a bonificación, se incorporan á lista de agarda por insuficiencia de crédito.

O órgano instrutor, á vista da acta da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver, e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as compren todos os requisitos necesarios para acceder ás bonificacións.

Esta proposta de resolución conterá unha relación con todos os expedientes avaliados pola Comisión de Valoración, e proposta das axudas no sentido que proceda (concedida, denegada, e de ser o caso, lista de agarda). Nas bonificacións concedidas constará ademais o importe da axuda que corresponda a cada exercicio económico e o importe total máximo que se concede.

No caso de:

Concedidas: sinalarase a bonificación individual de cada beneficiario/a, importe máximo da axuda para cada período escolar do exercicio económico correspondente, e o importe máximo total da axuda, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.

Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación.

- Non estar empadroadado/a
- Superar os ingresos
- Outras causas

Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda de menor a maior, no caso de que reunindo os requisitos para ser beneficiario/a non exista crédito orzamentario suficiente.

O órgano competente para resolver será a Alcaldía que, a proposta do órgano instructor, e previa acta da Comisión de Valoración, segundo procedemento establecido na Lei 38/2013, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de Subvenciones de Galicia, e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, acordará a aprobación, denegación, e de ser o caso, lista de agarda definitiva das axudas.

O prazo máximo para resolver será de seis meses contados a partir da data do acordo de inicio, agás que sexa necesario requirir datos aos solicitantes, e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O silencio administrativo terá carácter desestimatorio.

De calquera xeito, a prestación se concederá en función do crédito máximo dispoñible establecido para a convocatoria. Por este motivo non será suficiente para percibir a prestación con que o/a solicitante reúna os requisitos esixidos, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente. No caso de que o orzamento dispoñible non fora suficiente terán preferencia as solicitudes con renda familiar máis baixa.

As axudas aos/as beneficiarios/as que se atopen en lista de agarda pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario (por baixa de beneficiarios/as).

Tanto as baixas de beneficiarios/as, como as altas que proveñan da lista de agarda, terán efecto unha vez sexa ditada a correspondente resolución, na que se expresará a causa (baixa ou alta), o importe da axuda (ao que se renuncia, en caso de baixa, ou ao que se ten dereito, en caso de alta), e a existencia de crédito orzamentario suficiente.

Unha vez resoltos os expedientes, o Servizo Sociocomunitario remitirá á Universidade da Coruña a relación de beneficiarios/as, para que realicen as comprobacións oportunas.

## **11.- Comisión de valoración**

A Comisión de Valoración estará formada por:

- Presidente: o/a Alcalde/sa ou Concelleira/Concelleiro en quen delegue a área de Cooperación no Ensino e Bibliotecas.
- Vocal: a/o Xefa/e do Servizo Sociocomunitario.
- Vocal: un/unha Técnico/a de Xestión do Servizo Sociocomunitario.
- Secretario: o Secretario da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

A Comisión emitirá acta na que se concrete o resultado da avaliación. A lista de concesión farase por orde inversa ao da renda da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederase por maior número de membros da unidade familiar.

## **12.- Xustificación, lugar e prazos de execución**

O/a estudante beneficiario/a da axuda estará obrigado/a a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación da axuda concedida.

O/a beneficiario/a presentará no modelo oficial facilitado polo Concello de Narón, a solicitude de pago do 50 % do custe do billete ou bono, que previamente foi aboado na súa totalidade polo/pola beneficiario/a da axuda no momento de adquirir o mesmo á empresa de transporte concesionaria do servizo.

Esta solicitude de pago, xunto coas facturas xustificativas, presentarase no Concello de Narón coa seguinte periodicidade:

- Período setembro a decembro de 2025: ata o 20 de decembro de 2025.
- Período xaneiro a xuño de 2026: ata o 20 de xullo de 2026.

O Concello de Narón aboará o 50% do custe do billete ou bono, cos límites orzamentarios máximos de cada período académico que figuren na Resolución de concesión, billete/bono, previa aprobación da solicitude de pago que presente o/a beneficiario/a da axuda, á que axuntará factura/s xustificativa/s coa data de adquisición dos billete/s ou bono/s adquiridos.

### **13.- Incidentes producidos despois da resolución da convocatoria**

Calquera incidente sobrevido que se produza despois da resolución da convocatoria resolverase pola Alcaldía.

O/a beneficiario/a que deixe de facer uso destas axudas poderá presentar a súa renuncia en calquera momento.

A renuncia á axuda concedida deberá formalizarse por escrito, e poderá presentarse:

- No Rexistro Xeral do Concello.
- Na sede electrónica.
- Por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **14.- Notificación e recursos**

A resolución que conceda o denegue a axuda será notificada á/ao solicitante, de acordo co establecido no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta o medio de notificación indicado na solicitude polo/pola interesado/a.

Na mesma se indicará á/ao interesado que esta información será remitida ao Rexistro Público de Subvencións, de acordo co establecido no art. 14.1.ñ) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

A resolución ditada poñerá fin á vía administrativa.

Contra o acordo que adopte a Alcaldía se poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte á recepción da notificación da resolución, ou ao seguinte que se considere desestimado por silencio administrativo.

### **15.- Revogación e réxime sancionador**

Procederá a revogación das axudas para o bono bus universitario nos seguintes supostos:

- a) Non destinar a bonificación á finalidade para a que se concede.
- b) Incumprimento por parte do/da beneficiario/a da bonificación de calquera dos requisitos e demais circunstancias que motivaron a súa concesión.
- c) A ocultación de información que de ser facilitada alteraría a concesión da bonificación.

Estas circunstancias darán lugar á revogación total ou parcial da bonificación concedida, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, resulten exixibles.

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos art. 50 a 68 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

### **16.- Normas de aplicación**

En todo o non previsto na presente convocatoria, a concesión ou denegación destas subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no R.D. 887/2006, Regulamento que a desenvolve, na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, así como pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

### **17.- Datos de carácter persoal**

En todo o procedemento aquí regulado se dará cumprimento ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

## **18.- Publicación do anuncio da convocatoria**

A presente convocatoria se remitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP, ademais de ser exposta na páxina web do Concello, e no taboleiro de edictos. Publicarase un extracto da mesma nun xornal de difusión na comarca, con indicación do obxecto e finalidade das bonificacións, requisitos para formular as solicitudes, lugar e prazo de presentación das mesmas e a oficina municipal onde se poden obter os modelos de solicitude.